

Acta de reunión

Órgano convocado	XEFATURA DE DEPARTAMENTO						
Lugar de reunión	LABORATORIO DO DEPARTAMENTO DE MADEIRA			Ordinaria	X	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	15	Data	29/05/2019	Hora inicio	17:00	Hora remate	18:00
Moderador/a	VICTORIANO TOMÉ CASTRO						
Secretario/a							
Propósito	Xuntanza de departamento						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Victoriano Tomé Castro ▪ María Luz Lorenzo Crespo ▪ Isidoro Dios Rodiño ▪ José Manuel Míguez Santos ▪ José Manuel del Valle Couto ▪ Gumersindo Couso Boulosa ▪ José Jorge Alvariñas Villaverde ▪ Vicente Cortizo Blanco ▪ María Jesús Brañas Porto ▪ Juan Luís López Dasilva 						

Temas tratados

1. Lectura e aprobación, se procede, das acta da sesións anteriores.

Enviáronse por correo electrónico os borradores das actas número 13 e 14, apróbanse por unanimidade.

2. Seguimento das programacións.

Pregúntase os profesores se están cumprindo a programación segundo o programado. Todos os profesores contestan afirmativamente.

3. Informe do xefe de departamento.

O Xefe de departamento transmite información relativa a diferentes aspectos:

Promoción oferta educativa. O departamento recibiu a visita dun grupo de estudantes do IES A Xunqueira I, se lles amosaron as instalacións e se lles informou dos diferentes ciclos que se poden cursar na *familia profesional Madeira e Moble*. O xoves 30 de maio recibiremos a visita do CEIP de Moraña.

Se fixo unha conta de instagram co fin de promocionar a oferta educativa.

Se editaron carteis e trípticos con información da oferta educativa. Varios profesores do departamento están distribuindo esta información.



Probas libres. A falta de que se peche o prazo de matriculación, a día de hoxe non hai matriculados nos módulos da familia profesional madeira e moble.

Reunión extraordinaria RAF. Nunha reunión extraordinaria do RAF transmitiuse a seguinte información:

Informes individualizados. Todo o profesorado debe realizar un informe individualizado dos alumnos de primeiro curso que na 3ª avaliación non superen a materia, entregándolle unha copia o titor. O titor ten que entregar este documento o alumno para que o asine o día da entrega de notas, unha vez asinado debe escanearlo, entregar o orixinal en secretaría e subilo a páxina web. Tamén ten que cubrir o modelo de listado de alumnado con informe individualizado e entregarllo o xefe de departamento para que este o entregue a xefatura de estudos. O mesmo procedemento se debe realizar para os alumnos de primeiro que pasan a segundo curso con módulos sen superar.

Memorias dos módulos. O titor de primeiro debe recoller as memorias dos módulos de primeiro e facer a estadística das mesmas, a continuación debe entregar esta información os titores de segundo que farán a memoria final do ciclo e llo entregaran o xefe de departamento. Se deben incluír os módulos de FOL e Iniciativa emprendedora.

Xornadas de portas abertas da empresa Maproin. A empresa Maproin invitou os membros do departamento a asistir a unhas xordanas de portas abertas que se celebrarán o día 13 de xuño na explanada da Seca, Poio.

Compras. Na última reunión ordinaria de departamento se acordou estudar a viabilidade de mellorar o Hardware dos ordenadores da aula HM2. Se presenta un orzamento para a mellora de 17 ordenadores e acordase aceptalo.

Inventario. Queda pendente de inventariar os elementos de aprete, a ferramenta manual e a electropórtatil. Vicente Cortizo, José Manuel Del Valle e José Jorge Alvariñas se ofrecen a realizar esta actividade.

Programa Erasmus. + 2016-1 ES01-KA202-025505 “Acabados e revestimentos do moble: da fabricación tradicional á industria 4.0”. Os alumnos que queiran ir a demostración que se realizará en Santiago de Compostela o 26 de xuño deben asinar un documento conforme aceptan recibir os boletíns de notas ese mesmo día as 8,30 de mañá. María Luz Lorenzo comenta que ela xa está elaborando o documento e recorda o profesorado que todo aquel que queira asistir llo comunique

4. Seguimento das actividades de redución horaria.

Se informa o profesorado que dende xefatura de estudos se solicitou que cada profesor envíe a través da xefatura de departamento información relativa o seguimento das actividades de redución horaria. Para tal fin a xefatura de departamento enviará un documento para que cada profesor especifique o seguimento.

5. Seguimento dos acordos adoptados e dos obxectivos do departamento.

Se amosa a táboa de acordos adoptados e a situación de cada un deles. Ningún profesor pon obxeccións a táboa mostrada e o nivel de cumprimento.



Se amosa a táboa dos obxectivos do departamento e o nivel de cumprimento. Ningún profesor pon obxeccións a táboa mostrada e o nivel de cumprimento.

6. Rolda de intervencións.

Victoriano Tomé e Gumersindo Couso comentan que o departamento debería estudar a posibilidade de acondicionar a entrada do taller 01. Todo os membros de departamento están de acordo nesta proposta e se acorda estudar este acondicionamento de cara o curso 2019-20.

Gumersindo Couso solicita que se consulte a posibilidade de que cada profesor teña unha redución horaria de dúas horas para xestionar a documentación de calidade, xa que noutros CIFPs se da tal circunstancia. O Xefe departamento comenta que transmitirá esta información na próxima reunión do RAF.

Ás 18:00 horas remata a reunión e levántase sesión.

Acordos

- Mellorar os requisitos técnicos de 17 ordenadores da aula HM1. Responsable: Xefe de departamento.
- Inventariar os elementos de aprete, a ferramenta manual e a electropórtatil. Responsables: Vicente Cortizo (ferramenta manual), José Manuel Del Valle (elementos de aprete) e José Jorge Alvariñas (maquinaria electroportátil).
- Estudar a posibilidade de acondicionar a entrada do taller 01. Responsable: Xefe de departamento.

Anexos

- *Non hai.*

Visto e prace moderador

Victoriano Tomé Castro

